



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

**GALICIA**  
LABORAL**LOITA**  
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 659 Semana do 4 ao 10 de xaneiro de 2016

**AS TAXAS DE COBERTURA ACADAN MÍNIMOS E CON CONTÍAS MEDIAS, NESTA AUTONOMÍA, DAS MÁIS BAIXAS DO ESTADO**

## EN GALICIA, NO MES DE DECEMBRO, SUBE O PARO E BAIXA A AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

**O aumento do desemprego ten orixe na construción e na industria (93, 51%)**

**Redacción.-** Un mes máis as estatísticas do desemprego arrojan unha realidade sociolaboral especialmente complexa e que amosa que todas as medidas adoptadas ata o momento, como a reforma laboral ou os recortes continuos, se amosan estériles e inútiles. En Galicia, no mes de decembro, sube o paro e baixa a afiliación á Seguridade Social, en liña contraria ao que ocorre en España, os contratos son cada vez máis temporais e de peor calidade, a cifra de persoas con algunha prestación segue en mínimos e a saída de persoas que formaban parte do noso mercado laboral contribúe a dar aparencia de que a creación de emprego é maior.

Remata o mes de decembro de 2015 con 228.808 desempregados en Galicia, medrando o 1,62% con respecto ao mes anterior, 3.650 desempregados máis. Evolución contraria ao sucedido no Estado, no que cae o desemprego o -1.34%. No Estado a cifra de desempregados sitúase en 4.093.508 persoas.

En Galicia a variación interanual foi de baixada do desemprego do 9,2%, 23.110 desempregados menos; no Estado a baixada foi do 7,96%.

No mes de decembro a variación mensual é habitual que sexa de aumento de desemprego. Este é o terceiro ano consecutivo con caída do desemprego interanual no período de crise e con



maior contundencia. A crise expulsou fora a persoas en idade de traballar

Sen embargo, é de destacar que hai unha contracción na poboación en idade de traballar pola saída de poboación cara fóra e o retorno de inmigrantes cara países de orixe. De feito segue a caída do desemprego dos estranxeiros, esta caída é de 5,2% de diminución interanual en Galicia; hai unha saída de persoas que formaban parte do noso mercado laboral que contribúe a dar aparencia de que a creación de emprego é maior, pero en realidade é que o número de persoas en idade de traballar é menor.

cae en ambos sexos, pero neste caso beneficia máis aos homes, que contraen a cifra de desempregados nun 12% menos fronte á menor caída, o 6,54% menos, no caso das mulleres. O mercado laboral ao retomar unha senda de mellora beneficia moito máis aos homes, polo que a desigualdade segue presente.

Provincialmente, no mes, o desemprego medra en todas elas. Na que máis medra é na de Coruña, nun 1.96%, seguida do 1.64% en Pontevedra e do 1.36% en Lugo. Na que menos medra, nun 0.59%, é Ourense.

En termos interanuais, o desemprego contráese en todas; na que menos Ourense nun 7.63% menos, e na que máis Pontevedra cun 9.43% menos, seguida de Coruña cunha diminución do 9.38% e Lugo co 9.01% menos.

Por idades, o paro para os menores de 25 anos sitúase en 11.360 persoas, ao contrario que no conxunto de idades contráese no mes nun 2.3%. No ano, o desemprego cae nun 13,43%, o que representa 1.762 persoas desempregadas

### Datos por sexos, provincia e idades

Por sexos, no mes, o desemprego cae nas mulleres levemente, un 0.38% menos, e medra con contundencia nos homes, o 4.01%. En termos interanuais

| Decembro | Variación mensual | Variación interanual |
|----------|-------------------|----------------------|
| 2007     | 1,5               | -3,5                 |
| 2008     | 5,0               | 22,5                 |
| 2009     | 2,8               | 17,3                 |
| 2010     | 2,4               | 6,5                  |
| 2011     | 1,9               | 8,8                  |
| 2012     | 0,8               | 8,0                  |
| 2013     | 0,1               | -2,8                 |
| 2014     | 1,3               | -7,1                 |
| 2015     | 1,6               | -9,2                 |

menos; a razóns desta caída podemos atopala na saída de efectivos da nosa comunidade, así como, ao cambio poboacional.

### A construción e a industria supoñen case o 94% do desemprego xerado no mes

No mes, por sectores, medra en todos eles, salvo no colectivo sen emprego anterior, cun 1.8% menos. No que máis medra é na construción co 8.04% de aumento. En termos absolutos, no mes, no sector que máis medra o paro tamén é no sector construción con 2.095 desempregados máis, o 57% do total de incremento de paro do mes dáse neste sector. É tamén destacable o aumento na industria con 1.318 parados máis, cun 4.8% de aumento.

No ano, prodúcense fortes caídas en todos os sectores produtivos, destacando o 17.71% e o 16.23% de diminución na construción e na industria, respectivamente.

### Os contratos que se crean son cada vez máis temporais e de peor calidade

No mes medra a contratación un 0,85%, pola contra, no Estado cae nun 0,62%. Diminúen os indefinidos un 16,6% e medran nun 2,31% os temporais. No ano hai unha evolución favorable, aumentan os contratos o 16.16%, pero caen os indefinidos nun 0,88% e medran con intensidade os temporais, nada menos que un 17,6%. A porcentaxe de contratos indefinidos sobre o total no mes de decembro é só do 6,42%, cunha caída de máis dun punto respecto ao mesmo mes do ano 2014 (o 7,52%). En Galicia formalizáronse 68.646 contratos en tan só un mes, o que está claro é a precariedade destes contratos que non se consolidan e os altos niveis de rotación laboral.

### A cifra de persoas con algunha prestación en Galicia segue en mínimos

A cifra de beneficiarios con prestacións en Galicia en novembro (último dato dispoñible), é de 110.815 persoas. O carácter contributivo desta prestación está en mínimos, tan só 45.279 son beneficiarios de prestación contributiva, o 41% do total; hai 52.757 beneficiarios de subsidio, 11.839 de RAI e 940 do Programa de Activación de Emprego. A taxa de cobertura é do 53.61% (55,3% no Estado). A cobertura por desem-

prego pasou a ser xa de carácter asistencial, xa que as modalidades de prestación maioritariamente son subsidios asistenciais.

A contía media bruta da prestación contributiva percibida por beneficiario durante novembro de 2015 en Galicia foi de 775,20 euros, moito menos que no resto de España, onde a media é de 807,5 euros. As contías medias das prestacións asistenciais (subsidios, renda activa de inserción e PAE), é do 80% do IPREM, é dicir, 426'00€ (14,20 € x 30 días)

Pero, por outra banda, é tremendamente preocupante que hai 114.343 parados sen ningún tipo de cobertura, desempregados e desempregadas galegas que non perciben ningunha axuda estando en fortísimo risco de exclusión social. A taxa de cobertura de desemprego está en mínimos históricos, por moito que baixe o desemprego a situación das persoas no desemprego empeora.

### En Galicia estamos lonxe do número de afiliados á Seguridade Social de antes da crise

A media de afiliados á Seguridade Social é en Galicia de 946.122, cae no mes nun 0,32% menos, o que representa un total de 3.008 afiliados menos. Evolución contraria ao que acontece no Estado, no que medra levemente, o 0.50% máis. Interanualmente en Galicia hai unha subida do 2,12%, é dicir, 19.641 afiliados máis, pero no Estado o crecemento foi moi superior, o 3,18%. No Estado superáanse os 17 millóns de afiliados (17.308.400), mentres que en Galicia seguimos moi lonxe do millón de afiliados de antes da crise.

Tamén no ano anterior, neste mesmo mes houbo unha caída da afiliación pero menos acusada con respecto a novembro, 2.178 persoas afiliadas menos.

En conclusión, a rotación, a temporalidade e a estacionalidade existente no mercado laboral galego plásmanse nestas cifras.

| GALICIA   | Decembro 2015 | VARIACIÓN SOBRE |       |                        |       |
|---|---------------|-----------------|-------|------------------------|-------|
|   |               | Mes anterior    |       | Mesmo mes ano anterior |       |
|   |               | nº              | %     | nº                     | %     |
| <b>DESEMPREGO</b>   |               |                 |       |                        |       |
| Nº desempregados rexistrados  | 228.808       | 3.650           | 1,6   | -23.110                | -9,2  |
| * homes   | 106.824       | 4.115           | 4,0   | -14.568                | -12,0 |
| * mulleres  | 121.984       | -465            | -0,4  | -8.542                 | -6,5  |
| Nº parados mozos < 25 anos  | 11.360        | -268            | -2,3  | -1.762                 | -13,4 |
| Nº desempregados estranxeiros   | 11.492        | 85              | 0,8   | -626                   | -5,2  |
| <b>Nº desempregados por sectores*</b>                                     |               |                 |       |                        |       |
| * agricultura   | 9.229         | 459             | 5,2   | -174                   | -1,9  |
| * industria   | 28.852        | 1.318           | 4,8   | -5.590                 | -16,2 |
| * construción   | 28.141        | 2.095           | 8,0   | -6.055                 | -17,7 |
| * servizos  | 144.470       | 114             | 0,1   | -9.615                 | -6,2  |
| * sen emprego anterior  | 18.116        | -336            | -1,8  | -1.676                 | -8,5  |
| Beneficiarios prestación por desemprego (novembro)                        | 110.815       |                 |       |                        |       |
| Taxa de cobertura prestación por desemprego (novembro)                    | 53,61         |                 |       |                        |       |
| Parados totais sen ningún tipo de prestación (novembro)                   | 114.343       |                 |       |                        |       |
| <b>CONTRATACIÓN</b>   |               |                 |       |                        |       |
| Nº contratos  | 68.646        | 576             | 0,8   | 9.552                  | 16,2  |
| Nº contratos indefinidos (inclúe transformación contratos en indefinidos) | 4.405         | -874            | -16,6 | -39                    | -0,9  |
| Nº contratos temporais  | 64.241        | 1.450           | 2,3   | 9.591                  | 17,5  |
| <b>AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL</b>                                     |               |                 |       |                        |       |
| Nº afiliados (datos provisionais)   | 946.122       | -3.008          | -0,3  | 19.640                 | 2,1   |



## UGT-GALICIA CELEBRA O VINDEIRO XOVES EN SANTIAGO O CONGRESO EXTRAORDINARIO

**Redacción.-** O vindeiro xoves, día 14, UGT-Galicia celebrará en Santiago o Congreso extraordinario no que se tratarán as propostas ao 42º Congreso confederal de UGT; os delegados tamén se pronunciarán sobre a xestión dos órganos confederais nestes últimos anos de mandato; e, finalmente, terá lugar a elección das persoas que acudirán como delegadas ao 42º Congreso confederal que terá lugar os días 9, 10, 11 e 12 de marzo en Madrid.

O Congreso extraordinario de UGT-Galicia estará composto por cen delegados, distribuídos proporcionalmente

segundo a afiliación, entre as federacións e as unións comarcais que conforman o Sindicato en Galicia.

Pola súa banda, os delegados que formarán parte do 12º Congreso de UGT-Galicia, que terá lugar os días 6 e 7 de maio en Santiago, serán elixidos non respectivos congresos extraordinarios das unións e federacións galegas.



5º Comité Nacional de UGT-Galicia, celebrado o 14 de decembro, no que se ratificou a convocatoria do Congreso extraordinario do Sindicato

## É NECESARIO AUMENTAR A PROTECCIÓN DE TRABALLADORES E CIDADÁNS CONTRA O TABACO

**Redacción.-** Con motivo do quinto aniversario da entrada en vigor da Lei antitabaco, UGT valora a importancia que esta Lei tivo para a saúde pública en xeral e para a seguridade e saúde de todas as traballadoras e traballadores, especialmente, nos sectores da hostelería, xogo e lecer. É imprescindible protexer aos traballadores contra substancias químicas que causan cancro e outras enfermidades e, neste sentido, convén recordar que o fume de tabaco contén ao redor de 4.000 produtos químicos, dos cales sábese que polo menos 250 son nocivos, e máis de 50 causan cancro.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), a epidemia mundial de tabaquismo mata cada ano a case 6 millóns de persoas, das cales máis de 600.000 son non fumadores que morren por respirar fume alleo. A estes datos escalofriantes hai que sumar os aportados nun recente informe pola OMS no que indica que o tabaco causou 100 millóns de mortes no século pasado, comparándoo coas vítimas mortais das dúas guerras mundiais. Ademais, indica que de

non poñer solución podería causar 1000 millóns de mortes no século XXI en todo o mundo. Desgraciadamente o tabaco segue sendo unha sustancia consumida a nivel mundial e o que é máis grave, séguense incorporando os nenos e os mozos.

É necesario abordar unha estratexia para o abandono progresivo do tabaco, con programas e plans nacionais de saúde e educación, así como, o acceso gratuito e universal para todos os cidadáns e, especialmente para os traballadores, ás terapias con tratamento médico.

Para UGT, sería necesaria a regulación do uso dos coñecidos como cigarros electrónicos, que están en moitos casos sendo



sustitutivos do cigarro de tabaco, descoñecendo con certeza cales son os seus efectos na saúde. De aquí a nosa oposición ao borrador de proxecto de Real Decreto que prepara o Goberno para traspoñer a nova directiva europea 2014/40 sobre fabricación, presentación e venda de tabaco e produtos relacionados, que manifesta que os cigarros electrónicos poidan adquirirse en farmacias e parafarmacias, xa que non está demostrado que axuden a deixar de fumar, nin os seus efectos na saúde e, ademais, o seu uso en espazos públicos debería estar sometido á mesma normativa que o tabaco tradicional.

**Programa de garantía xuvenil**

**Programa extraordinario de activación para o emprego**

**INFÓRMATE!**

Dirixete ás sedes de UGT  
ou en: <http://www.ugtgalicia.org>